

CONGRESO XUVENIL INTERNACIONAL OCEANTICA14

¿Tes unha idea para comunicar os retos da sustentabilidade dos oceanos e a súa resposta ao cambio global?

PARTICIPA!!

Elabora o teu proxecto de sensibilización ambiental, relacionado co mar en calquera formato que se che ocorra.

Os autores dos traballos máis votados serán premiados coa participación nun campus científico-artístico-socio ambiental.

TES ATA O
30 DE MAIO !!




CAMPUS DO MAR
KNOWLEDGE IN DEPTH



MINISTERIO
DE ECONOMÍA
Y COMPETITIVIDAD

FECYT  FUNDACIÓN ESPAÑOLA
PARA LA CIENCIA
Y LA TECNOLOGÍA

Participa e infórmate en:

congresoceanica.campusdomar.es

Bases

Campus do Mar convoca a segunda edición do Congreso Xuvenil internacional OCEÁNTICA, co obxectivo de sensibilizar sobre a sustentabilidade nos espazos de interacción mar-terra-poboacións humanas nos sistemas costeiros e sobre o reto do cambio climático dirixido a estudantes de sexto curso de Educación Primaria, ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos e Universidade e niveis equivalentes en ensinos básicos e medias (≥ 12 anos) e superiores (≥ 18 anos) doutros países.

Un xurado formado por profesores, investigadores e divulgadores científicos valorará os traballos presentados e elixirá os proxectos gañadores, cuxos autores serán premiados coa participación nun campus de verán científico-artístico-socio-ambiental.

Participación:

O congreso xuvenil OCEÁNTICA 2014 organízase de xeito virtual.

Poderán participar todos os estudantes matriculados nun centro educativo en Primaria, ESO, Bacharelato ou Ciclos Formativos durante o curso 2013-2014 en calquera sistema educativo.

Tamén poderán participar universitarios, que de resultar premiados, terán a ocasión de participar no campus como coordinadores dalgún dos grupos de traballo formados por estudantes non universitarios premiados. Para a realización das súas tarefas, contrarán coa titoría dalgún educador do equipo Océántica 2014. Ao finalizar o campus, recibirán un diploma que acredite a súa participación como educadores en prácticas cunha dedicación de 60 horas.

Os traballos terán por obxectivo a comunicación para a sensibilización da cidadanía sobre o cambio climático e demais retos aos que se enfrenta o estudo do medio mariño; e así como o respecto do medio ambiente e a sustentabilidade en xeral.

O prazo de presentación de traballos queda aberto desde a data de comunicación na web de OCEÁNTICA ata o 30 de maio do 2014.

Os traballos deberán ser insertados polos participantes na páxina web do congreso (<http://congresoceanica.campusdomar.es>) ata as 23:59 horas do día 30 de maio de 2014. No apartado "Como participar" da web atopanse os titoriais



con todos os pasos a seguir para cargar os traballos na plataforma. No caso de dúbida envíase un correo electrónico á conta:

oceantica@campusdomar.es

Na súa elaboración tomaranse como referencia os seguintes formatos de comunicación:

1. Relato
2. Poesía
3. Curtametraxe
4. Vídeo musical
5. Vídeo de obras de teatro
6. Fotografía comentada
7. Banda deseñada
8. Presentación
9. Póster
10. Debuxo
11. Reportaxe multimedia
12. Páxina web

Premios e recoñecementos:

Todos os autores de traballos que se publiquen na páxina web do Congreso OCEÁNTICA2014 recibirán unha certificación de autoría emitida polo Campus de Excelencia Internacional - Campus do Mar, na que se recoñecerá o valor desa achega para a sensibilización da cidadanía sobre as temáticas do congreso.

Os traballos máis valorados polo xurado, tendo en conta o nivel de competencia curricular dos autores (70% da puntuación global) e máis votados no portal do congreso virtual (30% da puntuación global) serán premiados para participar nun campus científico - artístico - socio - ambiental.

Para poder optar a este premio, os traballos deberán ser individuais ou en parellas.

O campamento para premiados está previsto que se desenvolva entre o 21 e o 26 de xuño de 2014 nun lugar por determinar no ámbito xeográfico de Campus do Mar e ofreceranse un mínimo de 40 prazas.

Durante o campus de premiados desenvolverase un proxecto audiovisual en equipos formados por alumnos de idades e habilidades de comunicación diversas. O guión do vídeo duns 5 minutos de duración, estará inspirado polo lema: "Observo os espazos de interacción mar-terra-poboacións humanas, comparoos co seu pasado, e fago propostas para un futuro máis sustentable e con respostas ao cambio climático".

Ademais da elaboración deste produto, o programa do campus inclúe excursións e actividades lúdicas, de convivencia e artísticas. Durante o campus de comunicación científico-artístico-socio-ambiental tamén se desenvolverá unha obra de teatro musical que se presentará públicamente nun festival fin de campus.



Os alumnos premiados que non sexan de Galicia, deberán vir acompañados dalgún docente responsable, que se implicará no equipo de educadores do proxecto OCEÁNTICA e actuará en calidade de titor responsable ante a organización, as familias e comunidades educativas dos alumnos que acompañen. Neste caso os premios non serán firmes mentres non exista ese compromiso explícito por parte dos docentes acompañantes.

A organización farase cargo dos gastos de aloxamento e manutención dos participantes durante os días de duración do campus, así como dos traslados e actividades que se realicen. Os desprazamentos ao lugar de celebración do campus desde os respectivos lugares de orixe correrán por conta dos participantes.

Criteria de valoración e votacións dos traballos:

Para a valoración final dos traballos terase en conta, tanto a votación dos usuarios da páxina web do congreso, como a valoración outorgada por un xurado.

O xurado, formado por educadores, investigadores e divulgadores científicos valorará os traballos e emitirá a súa cualificación en función dos seguintes criterios:

1. Grado de adaptación ás bases da convocatoria.
2. Orixinalidade da proposta.
3. Rigor na elaboración.
4. Capacidade de sensibilización.
5. Grado de madurez, en relación coa idade, na elaboración técnica.
6. Capacidade de relación entre coñecementos diferentes e comprensión dos mesmos.

As votacións dos usuarios da web quedarán activadas no momento da publicación do traballo. A plataforma informará daqueles traballos que reciban máis votos, que presentará como máis populares.

As cualificacións do xurado supoñerán un 70% da puntuación e as votacións dos usuarios da plataforma supoñerán o 30% restante.

A data límite para dar a coñecer os resultados definitivos das valoracións do xurado será o día 5 de xuño 2014. Unha vez publicada esta valoración definitiva, pecharanse tamén as votacións dos usuarios e quedará así establecida a relación de premiados e de suplentes.

Formatos admitidos:

Os formatos nos que se presentarán os traballos son os seguintes:

1. **Formato de vídeo:** avi, 3gp, mov, mp4, mpeg, flv, mkv
2. **Formato de imaxe:** jpg, jpeg, bmp, tiff, png
3. **Formato de documento:** pdf, Powerpoint (ppt, pps, pot, pptx, ppsx, potx), Word (doc, docx), OpenOffice (odp, odt, ods)

Participar cun traballo en formato vídeo (Axuda: [pdf](#) - vídeo)

Participar cun traballo en formato imaxe (Axuda: [pdf](#) - vídeo)

Participar cun traballo en formato documento (Axuda: [pdf](#) - vídeo)

Pódese consultar calquera dúbida sobre a participación no Congreso, así como solicitar axuda técnica para publicar un traballo enviando un correo a oceanica@campusdomar.es.



Cofinanciado por:

